

ENTREVISTA A XOSÉ DÍAZ DÍAZ

Andrea e Sylvia :Ola, bos días! queriamos saber se podiamos facerlle unha entrevista para o Intres sobre a súa faceta de escritor.

Xosé Díaz: Si, por suposto.

Andrea e Sylvia : Sabemos que recibiu algúns premios, como se sentiu cando os recibiu?

Xosé Díaz : A verdade é que te sentes ben, por exemplo, no caso deste libro (A morriña das balas) cando mirei que era finalista e souben que entre os tres últimos que podían gañar encontrábase o meu... Acórdome perfectamente, estaba no ordenador, vin iso e deume así unha alegría, que me tiven que conter, claro, porque había máis xente arredor, pero é algo co que non contas, é lotería, entón cando pasa unha cousa así, que en principio non está para ti, pero é para ti, dende logo mótivaste moitísimo, senteste ben, moi alegre, moi contento.

Andrea e Sylvia : Nós lemos A morriña das balas, baseouse en algo para escribilo?

Xosé Díaz : Usei, dende logo, a influencia das películas dos vaqueiros, claro, porque era o referente que tiña de ver na tele, e despois a información que busquei de como era a historia realmente, o que pasara alí, foron así as cousas que máis me influíron, non lera antes un libro de vaqueiros, por exemplo.

Andrea e Sylvia : Cre que aos seus alumnos lles gustou a obra?

Xosé Díaz :

Ben, non o sei, eles non me din que non lles guste

nin tampouco me din que lles guste, entón estou así a medio camiño, iso terían que dicilo eles,claro.

Andrea e Sylvia : E por que escolleu que a súa obra fose de vaqueiros e non doutro tema?

Xosé Díaz : Ben, porque igual era un pouco paveiro falar de vaqueiros en galego, máis que nada por iso, é un tema así tipicamente inglés ou norteamericano, entón pois que se poñan a falar en galego e tal igual é algo simpático.

Andrea e Sylvia : Vostede escribe os seus libros en galego, pensa que iso pode fomentar a quen os lea a falalo?

Xosé Díaz : Este dende logo, oxalá, non? Ese ten que ser o propósito, escribes en galego para que se lea en galego e se aprendan cousas e despois se utilicen, claro, se non é un idioma a perder.

Andrea e Sylvia : Saíndo do ámbito da literatura, sabemos que tamén fai tru-



cos de maxia, poderíamos dicir onde os aprendeu?

Xosé Díaz : Aprendina por libre, a verdade; como as matemáticas e a maxia teñen moito que ver, pois tamén por matar o tempo comprei algún libro deses de maxia e tal, vía algún programa na televisión, e aí vas aprendendo, pero fago moi poucos trucos.

Andrea e Sylvia : Que lle gusta máis, a literatura ou as matemáticas?

Xosé Díaz : Home, gústame máis poñerme a escribir, iso está claro, sen dúbida.

Andrea e Sylvia : Pois isto foi todo, moitas grazas pola súa atención e esperamos que escriba moitos libros máis.

